

Os obradoiros da Área de Benestar Social, Igualdade e Xuventude teñen como obxectivo a prevención, información e formación a través de programas de intervención socioeducativa. Tentan ser unha ferramenta de traballo para fomentar en valores como a igualdade, a non violencia, sexualidade, consumo...

SOLICITUDE DE OBRADOIROS

PREVILugo:

María José Pena Lage:
Tel.: 982297496
email: mariajose.pena@concellodelugo.org

TALLERES DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS:

Francisco Fernández Eiros
Tel.: 982297498
email: prevenciondrogas@concellodelugo.org

TALLERES DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS PARA FAMILIAS:

Lidia Platas Ferreiro
Tel.: 982297496
email: lidia.platas@concellodelugo.org

TALLERES DE IGUALDADE E VIOLENCIA DE XÉNERO:

Vanesa Otero Prado
Tel.: 982297412


Concello de Lugo
Área de Benestar Social,
Igualdade e Xuventude

OBRADOIROS

2012 - 2013



PREVILUGO

PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS

ÁREA DE MULLER


PIX
Programa de Intervención Psicológica
E.O. Casa Novaserra P. Prado
Rúa Novaserra 100
37002 LUGO
Teléfono: 982 297 400
E-mail: pix@concellodelugo.org

Servizo de Prevención
de Drogodependencias
E.O. Lidia Platas Ferreiro
Rúa Novaserra 100
37002 LUGO
Teléfono: 982 297 498
E-mail: prevenciondrogas@concellodelugo.org


CASA DA MULLER
Área de Benestar Social,
Igualdade e Xuventude
E.O. Lidia Platas Ferreiro
Rúa Novaserra 100
37002 LUGO
Teléfono: 982 297 412
E-mail: casa.muller@concellodelugo.org

Casa de Xuventude
Rúa Novaserra 100 e 101
37002 LUGO
Teléfono: 982 297 400
E-mail: casa.xuventude@concellodelugo.org


PREVILUGO
xuventude

PREVILUGO

Dirixido a alumnado de ESO e BAC
Sesiões: 4/6

EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL

Obxectivos:
Coñecer a anatomía fisiolóxica e a diversidade sexual natural das persoas.
Identificar as diferentes ETS e o xeito de previlas.
Aprender a apreciar e respectar plenamente a diversidade sexual humana.

TÉCNICAS DE ESTUDO

Obxectivos:
Planificar adecuadamente o tempo de estudo.
Adquirir pautas para elaborar recursos, esquemas, mapas conceptuais...
Coñecer técnicas coas que exercitar e aumentar a súa capacidade de atención, concentración e memoria.

RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Obxectivos:
Coñecer e distinguir termos como empatía, asertividade e escoita activa.
Distinguir os diferentes estilos de comunicación e recoñecer o seu propio estilo.
Características de conflito e formas de afrontalo.

HABILIDADES SOCIAIS

Obxectivos:
Aproximarse aos conceptos básicos de habilidades sociais.
Aprender a defender os propios dereitos e opinións.
Habilidades conversacionais.
Habilidades para a solución de problemas interpersoais.

ORIENTACIÓN LABORAL

Obxectivos:
Os itinerarios formativos. A súa elaboración.
A formación en Europa.
Busca de emprego.
Elaboración dun CV, carta de presentación...
A entrevista de traballo.

CINE FORMATIVO

Dirixido a alumnado de primaria, ESO e BAC.
Programase unha sesión de cine e posteriormente un debate sobre a temática da película.

Os temas ofertados son:

A boa alimentación. Os trastornos alimentarios.
As redes sociais.
O conflito.
O acoso: bullying...
Igualdade.
A prevención de violencia de xénero.

SERVIZO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS

PPCDE SAÚDE NA ESCOLA

Dirixido a profesorado e alumnado dende infantil a postobrigatoria.

Descarga de material a través do Web da Consellería de Sanidade por parte do profesorado.

Obxectivo: influír nas crenzas e actitudes do alumnado de educación infantil e primaria sobre as drogas e o seu consumo, así como no consumo actual de drogas e na intención de consumo futuro das e dos estudantes.

<http://www.sergas.es/Publicaciones/DetallePublicacion.aspx?IdPaxina=40008&IDCatalogo=1994> (3 ciclo EPO)

<http://www.sergas.es/Publicaciones/DetallePublicacion.aspx?IdPaxina=40008&IDCatalogo=1996> (guía do profesorado)

PRAEVENTIVO

(Programa de prevención específica para o 3º ciclo de primaria)

Taller de elaboración propia composto de paneis, fichas e láminas de traballo, así como dun CD interactivo para que o profesorado dispoña de todos os materiais e poida desenvolver o traballo, dándolle continuidade con sesións de reforzo.

CERTAME EDUCATIVO "EDUCAR PARA PREVIR" XIX

Certame artístico e creativo dirixido ao alumnado: en primaria de debuxo, e en secundaria de fotografía dixital. O tema do certame cada ano cambia, nesta ocasión tratará sobre **valores positivos e factores de protección en relación coa saúde ou ben sobre os hábitos saudables da mocidade**.

PROGRAMA DE PREVENCIÓN ÓRDAGO 1º E 2º DA ESO

Taller de prevención para os primeiros cursos de secundaria, composto dunha guía para o alumnado para traballar durante tres sesións ao longo do curso, tratando contidos como a presión de grupo, a toma de decisións, o consumo e a publicidade, crenzas, actitudes ou autoestima.

Obxectivo: dotar de información recursos e habilidades ao alumnado para que dispoña dos valores e habilidades necesarias para decidir de maneira razoada e autónoma en situacións de oferta de drogas.

OBRADOIRO MONOGRÁFICO PARA 3º DA ESO SOBRE O CÁNNABIS, A VERDADE DESTA DROGA

Obradoiro composto de 2 sesións para coñecer realmente o que oculta esta substancia, os seus mitos, os intereses no seu consumo e os perigos reais dela. (Materias e unidades do programa PPCDE: SAÚDE NA ESCOLA).

OBRADOIRO SOBRE DROGAS PARA ALUMNADO DE 4º DA ESO

Traballaranse cuestións como a presión de grupo, a toma de decisións, os mitos sobre as drogas ou a autoestima dun xeito dinámico e participativo. (Materias e unidades do programa PPCDE: SAÚDE NA ESCOLA) O número de sesións por grupo será de 2.

PROGRAMA DE PREVENCIÓN ORIENTADO NO PROGRAMA DE GARANTÍA SOCIAL, ODISEA

Dirixido ao alumnado que curse programas de Garantía Social. Serán de 5 sesións.

Trátase dun programa piloto que pretende aplicar e validar un modelo de intervención eficaz para a intervención e a abordaxe integral dos problemas relacionados co uso de drogas a través de intervencións e dinámicas de manexo de normas, desenvolvemento de competencias, promoción do ocio saudable e participación.

TALLERES DE PREVENCIÓN DE DROGAS PARA AS FAMILIAS

Dirixidos a pais e nais do último ciclo de primaria e ESO.

Obxectivos: informar e sensibilizar as familias sobre o papel educador de cara á prevención de drogas.

CHARLAS:

O alcohol e a mocidade: o que temos que saber os pais e nais. Fomentar estilos de vida saudables dende a familia.

SERVIZO GRATUÍTO E CONFIDENCIAL A TRAVÉS DA SEGUINTE PÁXINA DO CONCELLO:

prevencion.familias@concellodelugo.org

IGUALDADE

Dirixido a alumnado de primaria, ESO e BAC.

TALLER DE IGUALDADE

Dirixido a alumnado de primaria a partir de 8 anos.

Obxectivos:

Traballar cun sector de idade dende o que sentar as bases dun traballo futuro.

Sensibilizar dende a infancia na necesidade de compartir tarefas.

Educar en comportamentos de igualdade dende os primeiros anos.

PREVENCIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Dirixido a alumnado de ESO e BAC.

Obxectivos:

Sensibilización sobre a violencia de xénero.

- Definición da violencia de xénero.
- Tipos de violencia.
- Recursos.
- Sinais de alarma e prevención.